

Moi boas a todos/as. Agardamos que esteades moi ben.

Falar das modificacións que se producen na paisaxe e no clima na primavera será unha boa medida para animarnos un pouco nestes días .

1.Observar os cambios que se producen no ceo (nubes, arco da vella, ...), no campo (margaridas...), nas árbores (follas, flores)...

Na primavera podemos ver animais que non estaban no inverno: aves migratorias e outros que estaban escondidos...

2.Escoitar e recitar os refráns:

Nubes de la
chove hoxe ou mañá.

Entre marzo e abril
sae o cuco do cubil.

Comentalles aos nenos e nenas que o cuco chega anunciando a primavera co seu canto.

3. Decorar unha árbore.

Debuxar nunha cartolina flores brancas e recortalas. Mezclar pintura azul e amarela para obter a cor verde e pintar as follas para decorar a nosa árbore da primavera.

Pegar as follas e as flores na árbore e falar das semellanzas e diferenzas entre a árbore no inverno e na primavera.

Dicirlles que hai árbores con flores brancas coma a cerdeira e a maceira, rosa coma a ameixeira....

4. Modelar formigas, caracois, xoaniñas con plastilina, colocalas en fila e sinalar cal vai de primeira, segunda, terceira... última.

5. Aproximación á resta.

Na charca tamén hai nova vida e as ras poñen os seus ovos. Neste vídeo das “cinco ranitas” pódese ver o contentas que están:

https://www.youtube.com/watch?v=58X__t8doO8.

6.Reforzar o trazo do número dous co vídeo da ra Gustavo:

<https://www.youtube.com/watch?v=OcLrA2uwk9I>

Parar a visualización cando a ra Gustavo acaba de trazar o número 2 e pedirlle ao neno ou nena que o repase co dedo.

7. Realizar móbiles de bolboretas, paxaros e colgalos do teito.


- Flores, xoaniñas, poderían adornar as portas, cristais...

8. Buscar imaxes de flores en libros, revistas, internet, observar as súas formas, cores, tamaños e dicir os seus nomes.
Pódense ver os **Bits de intelixencia** para recoñecer e aprender os nomes das flores máis comúns:

<https://www.youtube.com/watch?v=6zVnEHsTM2o>

9. Colorear flores: rosa, xirasol, violeta...., escribir os seus nomes e poñerlles unha portada para facer o “libriño” das flores.

10. Sinalar as partes da flor nun debuxo:



11. Adiviña

Con mi cara encarnada
mi ojo negro y mi vestido verde
el campo alegre (amapola)

12. Plantar sementes nun vasiño de iogur. Cubrilas de algodón, regalas e coidalas.
Observar periódicamente o seu crecemento.

13. Conto cantado “Luna” de KALANDRAKA

<https://www.youtube.com/watch?v=EAkQe0HBqU4>

Este conto, pode servir para traballar a lectoescritura, ao asociar as imaxes coas palabras.

14. Audición musical: “ A Primavera” de A. Vivaldi:

https://www.youtube.com/watch?v=58X__t8doO8

Despois de ver o vídeo pódese traballar a expresión corporal representando os diferentes temas: nacen as flores, chegan os paxaros, a auga, a tormenta e volta á calma cos paxaros.


15. Actividades de relaxación:

Relaxarse facendo ioga co conto das bolboretas que se atopa dentro do canal de Youtube Yogic.

<https://www.youtube.com/watch?v=MI1S5rM0ou0>

16. Identificar figuras xeométricas :

Buscar na imaxe o círculo vermello, o triángulo amarelo, ...



17. Facer series co material manipulativo de matemáticas .

Dúas figuras:

- Círculo vermello, triángulo vermello (mesma cor, diferente forma).
- Círculo amarelo, cadrado verde (diferente cor e forma).

Tres figuras:

Círculo vermello grande, cadrado verde pequeno, triángulo vermello pequeno.

18. Xogos interactivos “Xoga con Menta” .

Neste enlace atopamos series divertidas e outras actividades para repasar conceptos básicos.

<http://primerodecarlos.com/menta/linux.swf>


19.Traballar os conceptos esquerda/ dereita.
Na ficha da xoaniña debuxar seis puntos a cada lado.

Maribel Martínez y Ginés Ciudad-Real

Fichas para mejorar la atención


LAS MARIQUITAS


Por el mismo número de manchitas, del mismo tamaño y en el mismo lugar, en el lado izquierdo y derecho de las mariquitas luego colorealas.




20. Traballamos dous cadros de Vicent Van Gogh: “Autoretrato” e “Os xirasois”

- Observamos os cadros e falamos sobre eles (as cores, as partes da cara: ollos, cellas, pestanas nariz, tipo de flores son, cantas hai...)
- Debuxamos un autorretrato (retrato feito polo propio neno ou nena).
- Facemos un cadro dos xirasoles con algunha das manualidades propostas
- Coloreamos o autorretrato.





Some rights reserved. - www.LetMeColor.com



1.-



2.-




4.-









3.-




Nombre: _____









3 4 2 5 1



DESPOIS DE ESCOITAR A CANCIÓN “CINCO RANITAS” FACER AS RESTAS











Nombre:

Fecha:

Repasa los saltos de las ranas y los números

GRAFOMOTRICIDAD



Nombre: _____

Fecha: _____

Ficha N°: __



Colorea los dibujos donde suena la letra "a"





A

a

a

a

a

a


a

a

a

Nombre:

Fecha: Ficha N.º:



a i a e i u

i u e a e a

u a a i a u

abamice araña

azul Ama seta

Alonso amiga

BUSCA 5 ERRORES

